



Contra os feminicidios, máis servizos públicos.

Neste 25N berramos alto e claro:

A violencia machista non é un negocio!

Contra os feminicidios, máis recursos e máis servizos públicos.

25n

25 medidas para 2025

1

1 de cada 100 euros para o problema máis importante da vida das mulleres: a violencia machista. As prioridades políticas teñen que ser prioridades orzamentarias. Por iso reclamamos que o **1% do orzamento da Xunta de Galiza (130M€)** se destinen para reforzar os recursos de sensibilización, prevención e atención á violencia de xénero e para o **desenvolvemento da Lei 11/2007** naqueles aspectos que aínda seguen pendentes dezasete anos despois da súa aprobación.

2

A violencia machista non é un negocio: revertir a privatización dos centros de crise 24h para vítimas de violencia sexual que o PP pon en man de multinacionais. As privatizacións da Xunta non teñen límite e chegan tamén a algo tan delicado como a atención da violencia machista. Nos hospitais galegos, os centros de crise para vítimas de violencia sexual estarán en mans de EULEN e OHL, vinculadas ao PP, con máis de 7M€ de fondos europeos. Este novo mecanismo ao que obriga a lei do si é si ten que ser público.

3

Reforzar e aumentar os Centros de Información á Muller como servizo máis próximo. Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a contribución da Xunta co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM. É preciso dar prioridade á creación e reforzo naquelas zonas nos que non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal obrigatorio para a súa acreditación.

4

Atención psicolóxica integral na Atención Primaria, tal e como contempla a lei 11/2007. Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para comezar a cumprir este mandato que recolle desde hai dezasete anos a lei galega.

5

Ampliar os programas de intervención psicolóxica en funcionamento. En colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, explorar as posibilidades para ampliar as sesións que se prestan nos programas de intervención actuais co obxectivo de incrementar as posibilidades de éxito na recuperación e o número de usuarias, que cobre aínda moito menos da metade das vítimas rexistradas.

6

Mellorar as axudas directas para que cubran a suba da carestía da vida e garantir a inclusión das vítimas de violencia sexual. Modificar as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007 de cara a que a convocatoria do ano 2025 recolla un incremento das contías das prestacións que dean cobertura ao incremento da carestía da vida con base ao incremento medio o IPC dos últimos dous anos e se garanta a cobertura das vítimas de violencia sexual de forma específica.

7

Reforzo da Rede Galega de Acollemento. Plan para ampliar o número de prazos e extensión xeográfica dos recursos habitacionais de urxencia, así como planificar a progresiva xestión íntegra pública por parte da Xunta de Galiza. Así mesmo, é preciso mellorar e **aumentar os recursos de axuda** para o alugueiro e garantir mecanismos de aval para protexer as vítimas ante o endurecemento das condicións de acceso á vivenda.

8

Incrementar os recursos do IMELGA e colaborar coas demais administracións para maior axilidade e para complementar adecuadamente as valoracións con informes forenses de avaliación de risco de carácter urxente, con especial atención ás e aos menores e as medidas de protección.

9

Educación para transformar: garantir a educación afectivo sexual e contra a violencia machista no ensino, para o que se **recuperará a materia optativa de igualdade** e elaborarse de maneira dialogada coa comunidade educativa un **Plan galego de educación afectivo-sexual** que garanta o dereito a unha educación integral neste ámbito en todas as etapas educativas.

10

Formar a quen forma: garantir a formación ao persoal docente a través de programas de **formación continua** que supere as limitacións dos actuais, que apenas chegan a un terzo do profesorado, e a través do diálogo coa universidade para a incorporación dunha materia específica do **máster habilitante**.

11

Aumentar a intervención psicolóxica nos agresores e a sensibilización e educación dirixida aos homes: buscar, en colaboración co Colexio de Psicoloxía, a ampliación do programa Abramos o Círculo e deseño dun programa específico de sensibilización e formación dirixido a promover a concienciación, participación e implicación dos homes a prol da igualdade e a erradicación de roles e estereotipos patriarcais e machistas, cunha planificación integral, temporal e con orzamento específico.

12

Prioridade nas valoracións para o recoñecemento da discapacidade das mulleres vítimas de violencia machista e impulso dun **estudo sobre discapacidades secuela da violencia machista**, xa que a Valedora do Pobo sinala (2022) que o 17,5% teñen unha discapacidade ocasionada por esa violencia.

13

Actualización do Plan galego contra a trata cuxa vixencia expira no 2024. Facer pública a información relativa resultados e execución orzamentaria do Plan 2022-2024 e acelerar os traballos para a do seguinte intensificando as medidas de recuperación das vítimas e de sensibilización da sociedade.

14

Nova axuda económica para as mulleres que queiran saír da prostitución. Contribuír activamente na loita para a abolición da prostitución desde unha perspectiva que puna e persiga o proxeneta e prostituidor ficando as mulleres prostituídas libres de calquera criminalización, estigmatización ou aproximación moralista. Neste camiño impulsarase, entre outras medidas, un programa específico para o abandono do exercicio da prostitución onde se planifique un **itinerario transversal** e se garanta unha **axuda periódica** para tal fin.

15

Auditoría dos Puntos de Encontro Familiar para avaliar a súa idoneidade para as actuacións de prevención de situacións de violencia machista e aprobación consensuada, antes do remate de 2025, dun **novo decreto de regulación** que contemple a súa mellora e extensión no territorio.

16

Elaboración periódica dunha macroenquisa galega sobre violencia machista. Realizar periodicamente a través do Instituto Galego de Estatística unha macroenquisa específica sobre a evolución e percepción das violencias machistas.

17

Formar e informar sobre a submisión química. Transparencia periódica respecto do número de casos nos que os hospitais galegos aplicaron os protocolos, número de casos confirmados e difusión de campañas sociais ao respecto, sen responsabilizar as vítimas e procurando unha maior capacidade de resposta, especialmente no ámbito da hostalería e do ocio.

18

Fronte á normalización social da violencia contra as mulleres e a intoxicación e desinformación, blindar a información como ferramenta contra o machismo: desenvolver un estudo sobre a cobertura informativa da violencia machista e a perspectiva de xénero nos medios de comunicación de Galiza de cara a traballar coas redaccións dos medios de comunicación para garantir un correcto tratamento informativo e facer da aplicación da Declaración de Compostela requisito para a adxudicación de calquera subvención, sancionando os incumprimento.

19

Revisión urxente do sistema VioGén para mellorar o seu grao de eficiencia e eficacia e xeneralizar a elaboración de Informes forenses de valoración de risco complementarios aos policiais e impulso das medidas de apoio necesarias para unha maior adhesión ao recurso.

20

Mellora dos dispositivos dixitais de protección. Singularmente, colaborar no Estado para a diagnose e mellora dos dispositivos Cometa, corrixir os problemas de funcionamento detectados por falta de cobertura e modernización, singularmente no rural, e poñer en marcha as medidas necesarias para non permitir a modificación das distancias de afastamento do agresor no rural por incrementar o risco e a revitimización.

21

Xulgados de violencia machista nas cidades galegas. Colaboración no impulso de novos xulgados exclusivos e excluínates nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

22

Seguir despatriarcalizando a atención xudicial. Aumentar a formación para todos os axentes que interveñen na cadea de resposta e garantir espazos habilitados seguros e adecuados nos xulgados así como unha adecuada información dos dereitos das usuarias, con especial atención á difusión dos avances en materia de violencia sexual e no acceso aos recursos.

23

Impulsar medidas **contra a difusión e aplicación da inexistente Síndrome de Alienación Parental** e o seu uso contra as mulleres e o benestar das e dos menores, especialmente nos operadores xurídicos e de mediación e retirada do financiamento das actividades, colectivos ou organización que o promovan.

24

Impulso dun **Plan contra a violencia obstétrica** no ámbito da sanidade pública toda vez que a OMS denunciara por terceira vez un caso de violencia obstétrica durante partos no Estado español, un deles en Galiza e que o CEDAW recomendara melloras de atención ao parto e medidas para reparación plena, incluída unha indemnización financeira adecuada aos danos de saúde física e psicolóxica sufridos.

25

Desenvolver as medidas contra a violencia dixital incluídas na reforma da lei galega de 2021, a comezar por intensificar as actuacións no ámbito educativo e impulsar coas principais plataformas intermediarias da Internet acordos de colaboración co fin de establecer criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados coa violencia de xénero dixital, a comezar polas que afectan a menores.
